

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE ABRIL DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de abril de dous mil dezaoto ; as dez horas e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona María López Touza , Don Javier Iglesias Sendín, Don Ricardo González Amaro

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de abril de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Escrito de dona María Asunción Rodríguez Abad, con rexistro de entrada no concello 1398 de data 27 de marzo de 2018, en condición de herdeira de don Antonio Rodríguez García, solicitando a cancelación de aval relacionado coa licenza de obras concedida a don Antonio Rodríguez García pola Comisión Municipal de Goberno de 24 de novembro de 1994 para “ proxecto básico e de execución de edificio de soto, baixo, dúas plantas e aproveitamento baixo cuberta para vivendas” en rúa Xeneral Aranda 1, actual Fonte da Prata 1.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal de data 3 de abril de 2018.

A xunta de goberno local acorda acceder a cancelación do aval , N° de Rexistro Xeral de Avais 94/530/10662/01, correspondente a licenza concedida pola Comisión Municipal de Goberno de 24 de novembro de 1994.

-Escrito de dona Eudisia Deaño Bande, con número de rexistro de entrada no concello 1497 de 3 de abril de 2018, solicitando:” colocación lápida conmemorativa en la fila de nichos de mi propiedad, en el primer socalco de la derecha de la entrada”.

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

-Escrito de don Andoni Carballeda Jiménez , que solicita “ la actualización de la placa conmemorativa de la tumba indicada en el plano como también una actualización de la titularidad de la misma a nombre de Familia Carballeda Jiménez.”

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social de A Coruña, recurso de suplicación 04741/2017 , recurrente Maximino Lama Míguez, recurrido concello de Ribadavia, que falla:” Que desestimando el recurso de suplicación interpuesto por la representación procesal del demandante don Maximino Lama Míguez , contra la sentencia de fecha 04/09/17 dictada por el Juzgado de lo Social núm 2 de Ourense, en autos 253/2017 , y en consecuencia confirmamos la sentencia recurrida.Sin costas”

.5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

ORDE DE 16 DE MARZO DE 2018 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS AS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCION DO USO DA LINGUA GALEGA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 16 de marzo de 2018, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións as entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ,acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Secretaria Xeral de Política Lingüística, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Orde”.

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE OFICIAL DE CONSTRUCCIÓN

Considerando que o traballador A G G vai a estar de baixa médica por un período, previsiblemente prolongado, e que é necesario para o normal desenvolvemento da actividade municipal que as funcións se leven a cabo.Visto o expediente tramitado.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data 9 de abril de 2018
2. Informe xurídico de data 9 de abril de 2018.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir un posto de oficial de construcción.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e corenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO